



PAT

ELABORACIÓN: DOE	REVISIÓN: TITORES	APROBACIÓN: EDE
Data: 5 de setembro 2022	Data: Setembro 2022	Data: Setembro 2022 Acta 7
Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como amosalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.		



<u>Índice</u>	<u>Páxina</u>
1. Introdución.	2
2. Características do titor.	3
3. Funcións do titor.	4
4. Valores e actuacións formativas de cara ao alumno.	4
5. Deseño e desenvolvemento do PAT.	5
6. Obxectivos da acción titorial.	8
7. Listado titores do curso 22/23.	9
8. Cronograma de actividades para Educación Secundaria.	11
9. Organigrama de actividades incluídas no PAT en cada etapa educativa.	20
10. Avaliación xeral do PAT do centro.	88
11. Propostas de mellora para o próximo curso.	88
12. Anexos	88



1. Introducción.

O Departamento de Orientación, seguindo as directrices marcadas pola dirección do centro e tendo moi presente a información que se recolle nas revisións finais do PAT do curso pasado e na Memoria do Departamento de Orientación, elabora o seguinte Plan de Acción Titorial para todos os alumnos do Centro.

Este Plan de Acción Titorial será o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das titorías así como as liñas de actuación co alumnado, coas familias e co profesorado.

O Departamento de Orientación presentará, na reunión de inicio do curso cos equipos docentes das diferentes etapas, as directrices xerais do Plan de Acción Titorial do presente curso.

En primeiro lugar establécense os obxectivos, para posteriormente e en función dos mesmos, ir planificando diferentes actividades que permitirán lograr estes obxectivos.

Este Plan, coa incorporación que na avaliación do mesmo fixeron os mestres, servirá de referente para a actuación dos titores/as, xa que serán eles quen, ao longo do curso, o adaptarán ás necesidades, motivacións e intereses de cada grupo. A avaliación das actividades irase realizando una fez finalizada a actividade e entregarse ao DOE, unha vez ao trimestre. A información así obtida permitirá facer axustes e modificacións, tanto no seu desenvolvemento como ao final do curso, co fin de melloralo e de que sirva de punto de partida para darlle unha continuidade, para posteriormente e en función dos mesmos, ir planificando diferentes actividades que permitirán lograr estes obxectivos. Ao finalizar o curso, a coordinadora do DOE fará unha avaliación xeral de todo o Plan e, xunto co orientador de ESO/BACH, fará unhas propostas de mellora. As variacións e cambios teranse en conta na planificación do vindeiro curso.

A acción titorial constitúe un elemento inherente á actividade docente dentro dun concepto integral da educación. Supón unha relación individualizada coa persoa do educando na estrutura e a dinámica das súas actitudes, aptitudes, coñecementos e intereses.

A titoría axuda a integrar coñecementos e experiencias dos distintos ámbitos educativos e contribúe tamén a integrar a experiencia escolar, en xeral, e a vida cotiá extraescolar. Baixo esta perspectiva, o desenvolvemento da función titorial asegura que a educación sexa verdadeiramente integral e personalizada, e non quede reducida a mera instrución ou impartición de coñecementos.



As consideracións sobre o concepto de tutoría son:

- Constitúe un proceso continuo, non puntual.
- Desenvólvese de forma activa e dinámica.
- Debe estar planificada sistematicamente.
- Supón un proceso de aprendizaxe.
- Require a colaboración de todos os axentes educativos.
- O currículo escolar debe ser o marco para o seu desenvolvemento.
- Perspectiva interdisciplinaria.

A tutoría e orientación adquire matices diferentes ao longo das distintas etapas.

Na **Educación Infantil e Primaria**, as funcións máis importantes refírense á inserción do neno no grupo de compañeiros, a adaptación escolar inicial, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a vinculación da escola coa familia. Este ano tamén se terá especial atención, aínda que non existan actividades especificamente programadas, na educación para a saúde dadas as circunstancias derivadas da pandemia.

No nivel de **Secundaria e Bacharelato**, pasan a prevalecer os aspectos de orientación relativos á intelixencia emocional (con especial mención da saúde mental), a elección entre distintas vías e opcións educativas, o afianzamento de técnicas eficaces de estudo, fortalecer a convivencia e o sentido de pertenza ao grupo, hábitos de vida e condutas saudables, habilidades sociais e educación en valores.

Ao remate da ESO e durante o **Bacharelato**, cobra especial importancia a orientación cara a estudos posteriores e a orientación para a transición á vida activa. A orientación profesional presupón información profesional, pero non consiste só nela. Ademais, tomará en conta as aptitudes, inclinacións e intereses persoais de cada individuo (Libro Branco, 1989).

2. Características do titor.

O protagonista indubidable da función titorial é o Mestre-Titor sendo o que aplica o plan titorial coa dirección, o apoio e a colaboración do orientador.

Por iso, á hora de asignar un Titor a un grupo de alumnos, intentarase ter en conta, na medida do posible, que teña unhas características persoais que favorezan ese desenvolvemento da función titorial en tanto que é o mediador do proceso educativo do alumno.



Estas **características** son:

- Interese polo alumno.
- Proximidade.
- Sensibilidade ás propias tarefas da orientación.
- Empatía.
- Sensibilidade ás dificultades dos alumnos.
- Capacidade organizativa.
- Habilidades de comunicación.
- Saber acompañar.

3. Funcións do titor.

- Facilitar a integración dos alumnos no seu grupo.
- Contribuír á personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.
- Fomentar de forma equilibrada a autoestima do alumno.
- Coordinar cos demais mestres as programacións e necesidades de reforzo.
- Contribuír ao establecemento de relacións cos pais.
- Entrevistarse con frecuencia con aqueles alumnos que presenten problemas e tamén cos seus pais.
- Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe/a de Estudos.
- Coordinar e presidir o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo.
- Orientar e asesorar sobre posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co Departamento de Orientación.
- Canalizar as demandas do alumnado ante o resto do profesorado e o Departamento de Orientación.
- Informar aos pais, mestres e alumnos das actividades docentes e do rendemento.
- Facilitar a cooperación educativa entre mestres e pais.

4. Valores e actuacións formativas de cara ao alumno.

- Actividades de acollida, dereitos e deberes, normas de convivencia e disciplina interna do centro.
- Educación en valores, dende a xenerosidade, esforzo, compañeirismo...etc, a loita contra actitudes xenófobas e sexistas, educación afectivo-sexual, en todas as etapas, pasando



polos valores necesarios para potenciar a autoestima e madureza dos nosos alumnos en cada etapa educativa.

- Orientación vocacional e profesional, informando aos nosos alumnos sobre os diferentes ciclos ou etapas que van ir alcanzando, así como sobre as opcións ou saídas profesionais tras a ESO.
- Reflexión sobre o rendemento individual e colectivo do grupo, no caso de ESO e Bacharelato (preavaliación e postavaliación).

5. Deseño e desenvolvemento do PAT.

O PAT é o documento que articula as sesións de tutoría, as cales se presentan como un espacio idóneo para abordar temas cuxo tratamento é máis transversal no currículo académico. Tendo isto en conta, é imperativo garantir un bo deseño, tanto transversal (cun tratamento de temas equilibrado e xustificado nas necesidades concretas detectadas no alumnado do noso centro) como lonxitudinalmente (ao longo de todas as etapas, dende EI, pasando por EP, ESO e BACH), pois o PAT é unha das ferramentas que temos á nosa disposición para garantir unha educación de calidade. Porque ter unha educación de calidade é un dereito do alumnado e un deber na nosa profesión.

No tocante a elaboración do PAT, fíxose tendo en conta as propostas de mellora realizadas no curso anterior e vertebradas nun obxectivo moi craro: dar resposta á piedade e ás letras defendidas por San Xosé de Calasanz. Porque consideramos que conxugar piedade e letras é garante de éxito académico e, en extensión, dunha educación de calidade. Nesta liña, a nosa variable dependente (aquilo que queremos conseguir e que medimos) é o rendemento académico (**as letras**), pero é imposible ou moi difícil acadar se o alumnado ten problemas, por exemplo, de autoestima, ausencia dunha dirección clara en base a cal articular un itinerario vital e profesional, falta dunha escala de valores estables que sirva de base para realizar unha toma de decisións coherente, etc. (**a piedade**). Educar en valores é sinónimo de éxito académico e vital.

No que respecta ao **deseño transversal** do PAT, distinguimos entre 4 bloques temáticos que se abordan nas sesións de titoría:

1. **Bloque I. Convivencia-diversidade:** Relacionase cos documentos de Plan de Convivencia (PC) e de Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), respectivamente. É o bloque temático máis xeral cuxo fin último é crear ou fortalecer un bo sentimento de cohesión grupal que poida funcionar como factor de protección ante a aparición e/ou tratamento de diferentes problemas. Por exemplo, se no noso Centro un alumno/a comeza a ter ideación suicida, ter un bo grupo de apoio, que amose empatía, que practique a escoita



activa, que non xulgue as súas emocións, etc., pode ser en sí mesmo unha solución ao problema e, de non selo, pode ser unha axuda de valor incalculabel. Neste senso, a maior parte de actividades incluídas no PAT encadraranse dentro deste bloque temático.

2. **Bloque II. Intelixencia emocional:** Relacionase coa capacidade do alumnado de recoñecer sentimentos propios e alleos, de motivarse e de manexar de adecuadamente as relacións. Neste senso, un alumno/a cunha boa intelixencia emocional será capaz de dar resposta as dificultades e imprevistos que poida atoparse na súa vida e, polo tanto, será máis doado que sexa feliz. Distínguense 5 compoñentes na intelixencia emocional:
 - a. Autoconecemento/autoestima.
 - b. Autorregulación.
 - c. Motivación.
 - d. Empatía.
 - e. Habilidades sociais.
3. **Bloque III. Orientación académico-profesional:** Relacionanse co documento de Plan de Orientación Académico-Profesional (POAP) e engloba todas as accións que teñen que ver co itinerario do alumnado, ben académico (ex. elección de materias optativas, oferta académica, requisitos de acceso, etc.) ou ben profesional (ex. cómo elaborar un CV, cómo buscar traballo, cómo afrontar unha entrevista de traballo, etc.).
4. **Bloque IV. proceso de ensino-aprendizaxe:** Relacionase directamente co proceso de ensino-aprendizaxe e, en extensión, co rendemento académico do alumnado. Este bloque centrase no establecemento de obxectivos e na implementación de estratexias que permitan cumprilos (ex. técnicas de estudo, hábitos de organización, etc.)

No que respecta ao seu **deseño lonxitudinal** do PAT, otorgamos diferente peso a cada bloque temático en función da etapa educativa e o curso académico no que nos atopemos, pois as necesidades de Educación Primaria distan moito das necesidades da ESO, por exemplo. Neste senso:

1. **Etapa de EI:** Non existe hora de titoría lectiva, polo que o número de titorías é máis reducido. O bloque temático que ten maior presenza é o Bloque II (intelixencia emocional) pois permite educar a alumnos e alumnas con capacidade de afrontar retos e dificultades, ter un bo concepto de sí mesmos e dos demais, aceptar á diversidade e participar de forma democrática na sociedade.
2. **Etapa de EP:** Tampouco existe hora de titoría lectiva, polo que o número de titorías é máis reducido. Nesta etapa a maior presenza concéntrase nos Bloques II (intelixencia emocional) e



IV (proceso de ensino-aprendizaxe), porque permite capacitar ao alumnado para as próximas etapas, sen olvidar a importancia do Bloque I (convivencia-diversidade).

3. **Etapa de ESO:** É a única etapa na que existe hora de titoría lectiva, polo que o número de titorías aumenta considerablemente respecto ao resto de etapas. Nesta etapa, o bloque temático que ten maior presenza é o Bloque I (convivencia-diversidade), mesturado co Bloque II (intelixencia emocional) en 1ºESO e 2ºESO, e co Bloque III (orientación académica-profesional) en 3ºESO e 4ºESO.
4. **Etapa de BACH:** Non existe hora de titoría lectiva, polo que o número de titorías é mais reducido. Mais aún tendo en conta a proximidade da ABAU é a sobrecarga de traballo que existe nesta etapa. En 1ºBACH o traballo de titoría relacionanse mais co Bloque IV (proceso de ensino aprendizaxe), pois é o cimento para poder acadar uns bos resultados nos exames da ABAU, mentres que en 2ºBACH relacionanse mais co Bloque III (orientación académico-profesional) dada a proximidade da toma de decisións sobre o seu futuro.

Tendo en conta o exposto pode adiviñarse unha lóxica clara: á importancia dos Bloques I (convivencia-diversidade) e IV (proceso ensino-aprendizaxe) é bastante estables ao longo das etapas, mentres que o Bloque II (intelixencia emocional) vai perdendo protagonismo a medida que avanzamos en idade en prol do Bloque III (orientación académico profesional).

En canto ao desenvolvemento propiamente do PAT:

- O Plan de acción titorial lévase a cabo mediante a observación, o diálogo cos alumnos, dinámicas e actividades realizadas cos alumnos na sesión de titoría e as posteriores entrevistas cos pais e/ou os alumnos.
- Nos primeiros días de setembro os titores que cambian ciclo (no caso de ESO e Bacharelato, curso) farán reunións cos titores do curso anterior para o intercambio de información sobre os alumnos.
- Ao comezo do curso tense unha primeira reunión cos pais, onde se expoñen as liñas metodolóxicas de cada mestre para a consecución dos obxectivos formulados para o presente curso.
- A titoría é continua ao longo de todo o curso.
- Cada mestre titor ten destinada unha hora semanal para entrevistas cos pais.
- A entrevista pais-titores considérase como desexable e imprescindible para traballar de acordo nun bo desenvolvemento do neno. Debe terse como mínimo unha entrevista con cada familia ao longo do curso.
- Para un mellor funcionamento, a entrevista débese concertar de antemán.



- Daremos prioridade ás titorías cos pais dos alumnos que presenten maiores problemas de adaptación ou con dificultades de aprendizaxe.
- O Departamento de Orientación asesorará aos titores dándolles as pautas e proporcionando os medios necesarios, tanto aos mestres como aos pais, para axudar a estes alumnos con dificultades ou necesidades especiais.
- Informarémolles do proceso de aprendizaxe dos seus fillos por medio das notas de avaliación, a entrevista persoal e outras comunicacións ordinarias.
- Redactarase un informe da entrevista que se gardará na ficha do alumno, accesible a todo o quipo docente.
- O mestre titor será o encargado de controlar as faltas de asistencia e os atrasos dos alumnos, así como as faltas de disciplina e as accións correctivas correspondentes.
- Débense cubrir os informes de Avaliación Inicial e de final de ciclo, así como as actas de avaliación.

6. Obxectivos da acción titorial.

- Integrar aos alumnos no grupo e no Centro (ensinar a ser persoa).
- Favorecer a personalización dos procesos de ensinanza e aprendizaxe (ensinar a pensar).
- Ofrecer a debida orientación e favorecer a madurez vocacional (ensinar a decidirse).
- Estimular a creación de actitudes participativas, hábitos de convivencia e tolerancia na Comunidade Educativa do Centro (ensinarlles a buscar un sentido á súa vida facéndoos medrar valorando as pequenas cousas da vida cotiá).



7. Listado titores do curso 22/23.

Educación infantil	
Mónica Alfaro Barbará.	4º
Susana Orgueira Pérez.	
Lucía Caridad Villanueva.	
Alejandra Freire Trashorras.	5º
María Otero Blanco.	
Anabel Trillo Medal.	
Lara Casares Uriz.	6º
Mª Belén Carro Carro.	
Isabel Blanco Pérez.	
Educación Primaria	
Laura Luna Prego.	1º
Mª Luz Díaz Ferreiro.	
Belén Estrada Fernández.	
Encarna Oróns López.	2º
Diana Zaera López.	
Esther Ponte Sanmartín.	
Mª Victoria Rama Iglesias.	3º
José Luis Míguez Couto.	
Borja Domínguez González.	
Javier Rodríguez García.	4º
Ana Lamas Lumbreras.	
Alberto Felípez Sánchez.	
Adrián Eguizábal Caro.	5º
Ana Martínez Chacón.	
José Seoane Riveira.	
Ana Nieto César.	6º
Nerea Pena Rodríguez.	
Fabiola Pena Patiño.	



Educación Secundaria Obrigatoria	
M ^a Begoña Iglesias Rey.	1º
Saturnino Santiago Bocos.	
Leticia Alonso Cadavid.	
Carlos Valiño Dorado.	2º
Eugenio Fuentesfría Pardo.	
Marta Díaz Martínez.	
M ^a del Carmen Ramos Mato.	3º
Xosé A. García García.	
Telmo Varela Varela.	
Soraya Porto Sánchez.	4º
Juan Pablo Santiso González.	
Andrea Vázquez Ruiz.	
Bacharelato	
Mariana Fernández Carvajo.	1º
Lorena Martínez Xuncal.	
Marta Padín Díaz.	2º
Beatriz Casal Rodríguez.	



8. Cronograma de actividades para Educación Secundaria.

1º TRIMESTRE	Nº	SEMANA	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	RESPONSABLE
	1	5-set	Titoría de inicio de curso (lema)	Titoría de inicio de curso (lema)	Titoría de inicio de curso (lema)	Titoría de inicio de curso (lema)	Departamento de Pastoral e Titor/a
		8-set: Comezo das clases de ESO-BACH	Presentación orientador ESO-BACH	Recordatorio funcións orientador ESO-BACH	Recordatorio funcións orientador ESO-BACH	Recordatorio funcións orientador ESO-BACH	Orientador ESO-BACH e Xefatura de Estudos
	2	12-set	Sesión libre	Sesión libre	Sesión libre	Sesión libre	Titor/a
	3	19-set	Sesión DOE 1 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Preséntome (palabras aleatorias de De Bono)</i>	Sesión DOE 1 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>O nobelo</i>	Sesión DOE 1 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Admítese suxerencias</i>	Sesión DOE 1 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Con ou sen cebola?</i>	Titor/a
	4	26-set	Sesión DOE 2 PROCESO E-A <i>O meu desexo para este curso é...</i>	Sesión DOE 2 PROCESO E-A <i>O meu desexo para este curso é...</i>	Sesión DOE 2 PROCESO E-A <i>O meu desexo para este curso é...</i>	Sesión DOE 2 PROCESO E-A <i>O meu desexo para este curso é...</i>	Titor/a
	5	3-oct	Sesión DOE 3 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Eliximos ao noso delegado/a</i>	Sesión DOE 3 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Eliximos ao noso delegado/a</i>	Sesión DOE 3 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Eliximos ao noso delegado/a</i>	Sesión DOE 3 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE <i>Eliximos ao noso delegado/a</i>	Titor/a
	6	10-oct 12-oct: Festivo - Día da Hispanidade	Sesión libre	Sesión libre	Sesión libre	Sesión libre	Titor/a
7	17-out	Sesión DOE 4 INTELIXENCIA EMOCIONAL <i>Teatro de emocións</i>	Sesión DOE 4 INTELIXENCIA EMOCIONAL	Sesión DOE 4* INTELIXENCIA EMOCIONAL <i>Cruz Vermella</i>	Sesión DOE 4* INTELIXENCIA EMOCIONAL <i>Cruz Vermella</i>	Titor/a 2ºESO: Orientador de ESO-BACH	



				Qué é iso do autodiálogo interno?			3º-4ºESO: Cruz Vermella
8	24-out	Sesión DOE 5 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan e normas de convivencia	Sesión DOE 5 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan e normas de convivencia	Sesión DOE 5 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan e normas de convivencia	Sesión DOE 5 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan e normas de convivencia		Titor/a
9	31-out 31-out: Festivo (Día do Ensino) 1-nov: Festivo (Día de Todos os Santos)	Sesión libre (esta semana ou a do 14-nov pódense dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (esta semana ou a do 14-nov pódense dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (esta semana ou a do 14-nov pódense dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (esta semana ou a do 14-nov pódense dedicar a organizar a semana de exames)		Titor/a
10	7-nov	Sesión DOE 6 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Técnicas de estudo	Sesión DOE 6 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Método Loci para memorizar	Sesión DOE 6 INTELIXENCIA EMOCIONAL Logoterapia	Sesión DOE 6 INTELIXENCIA EMOCIONAL Profundizamos na saúde mental		Titor/a 3º-4ºESO: Orientador de ESO-BAC
11	14-nov 20-nov: Día Universal da Infancia	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)		Titor/a
12	21-nov	Semana de Calasanz	Semana de Calasanz	Semana de Calasanz	Semana de Calasanz		Departamento de Pastoral e Titor/a
	25-nov 25-nov: Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Violencia de xénero (efeméride)	Violencia de xénero (efeméride)	Violencia de xénero (efeméride)	Violencia de xénero (efeméride)		Departamento de Acción Social e Titor/a
13	28-nov 30-nov a 5-dec: Semana exames 30-nov a 7-dec:	Advento	Advento	Advento	Advento		Departamento de Pastoral e Titor/a



		Conmemora ción da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia 3-dec: Día Internaciona l das persoas con Discapacida de					
--	--	---	--	--	--	--	--

(*). Sesión DOE 4: a data podería variar en función da dispoñibilidade dos profesionais de Cruz Vermella.

Días Festivos:

- **7 de outubro:** Festividade do Rosario.
- **12 de outubro:** Día da Hispanidade.
- **31 de outubro:** Día do Ensino.
- **1 de novembro:** Día de Todos os Santos.
- **6 de decembro:** Día da Constitución.
- **8 de decembro:** Día da Inmaculada Concepción.

Semanas de Celebracións:

- **21 a 25 de novembro:** Semana de Calasanz.

Semanas de exames (ESO-BAC):

- **ESO:** 30 de novembro a 5 de decembro.
- **1ºBAC:** 30 de novembro a 5 de decembro.
- **2ºBAC:** 17 a 22 de novembro.



		SEMANA	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	RESPONSABLE
2º TRIMESTRE	14	5-dec 6-dec: Festivo - Día da Constitución 8-dec: Festivo (Día da Inmaculada Concepción) 10-dec: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	Dereitos humanos	Dereitos humanos	Dereitos humanos	Dereitos humanos	Departamento de Acción Social e Titor/a
	15	12-dec 3-dec: Día Internacional das persoas con Discapacidade	Sesión DOE 7 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Sesión polo Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Sesión DOE 7 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Sesión polo Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Sesión DOE 7 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Sesión polo Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Sesión DOE 7 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Sesión polo Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Departamento de Orientación e Titor/a
	16	19-dec	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como está indo o curso e expectativas tras a volta do Nadal)	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como está indo o curso e expectativas tras a volta do Nadal)	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como está indo o curso e expectativas tras a volta do Nadal)	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como está indo o curso e expectativas tras a volta do Nadal)	Titor/a
	17	26-dec	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	-
	18	2-xan	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	FESTIVO: Vacacións de Nadal (23-dec a 8-xan)	-



19	9-xan	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como foi o Nadal)	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como foi o Nadal)	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como foi o Nadal)	Sesión libre (pódese dedicar a falar de como foi o Nadal)	Titor/a
20	16-xan	Sesión DOE 8* CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan Diretor (Acoso escolar)	Sesión DOE 8* CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan Diretor (Redes sociais)	Sesión DOE 8* CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan Diretor (Violencia de xénero)	Sesión DOE 8* CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Plan Diretor (Drogas e alcohol)	CNP (Corpo Nacional de Policía)
21	23-xan 24-xan: Día Internacional da Educación 27-xan: Celebración Semana da Paz	Semana da Paz	Semana da Paz	Semana da Paz	Semana da Paz	Departamento de Acción Social e Titor/a
22	30-xan 30-xan: Comezo do Proxecto Común de Centro 30-xan: Día Escolar da non Violencia e da Paz	Sesión libre (pódese dedicar o Proxecto Común de Centro)	Sesión libre (pódese dedicar o Proxecto Común de Centro)	Sesión libre (pódese dedicar o Proxecto Común de Centro)	Sesión libre (pódese dedicar o Proxecto Común de Centro)	Titor/a
23	6-feb 11-feb: Xornada de Portas Abertas	Sesión DOE 9 INTELIXENCIA EMOCIONAL Ponte no meu lugar	Sesión DOE 9 INTELIXENCIA EMOCIONAL Non hay cor!	Sesión DOE 9 INTELIXENCIA EMOCIONAL Cómo é unha relación sana?	Sesión DOE 9 POAP Rumbo ao mundo laboral	Titor/a 4ºESO: Orientador de ESO-BAC
24	13-feb 17-feb: Remate do Proxecto Común de Centro (acto conxunto)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames ou ó Proxecto Común de Centro)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames ou ó Proxecto Común de Centro)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames ou ó Proxecto Común de Centro)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames ou ó Proxecto Común de Centro)	Titor/a



25	20-feb	FESTIVO: Entroido e Mércores de Cinsa (20 a 22 feb)	FESTIVO: Entroido e Mércores de Cinsa (20 a 22 feb)	FESTIVO: Entroido e Mércores de Cinsa (20 a 22 feb)	FESTIVO: Entroido e Mércores de Cinsa (20 a 22 feb)	-
	22-feb	Coresma	Coresma	Coresma	Coresma	Departamento de Pastoral e Titor/a
26	27-feb 3-mar: Operación Bocata	Coresma	Coresma	Coresma	Coresma	Departamento de Pastoral e Titor/a
27	6-mar 8-mar: Día Internaciona l da Muller	Semana de exames (9 a 14-mar)	Semana de exames (9 a 14-mar)	Semana de exames (9 a 14-mar)	Semana de exames (9 a 14-mar)	-
	6-10-mar: Semana da Prensa (1 día desta semana traballarase en aula con periódicos)					
28	13-mar	Semana de exames (9 a 14-mar)	Semana de exames (9 a 14-mar)	Semana de exames (9 a 14-mar)	Semana de exames (9 a 14-mar)	-

(*). Sesión DOE 8: a data podería variar en función da dispoñibilidade dos profesionais do CNP.

Días Festivos:

- **23 de decembro a 8 de xaneiro:** Vacacións de Nadal.
- **20 a 22 de febreiro:** Entroido e Mércores de Cinsa.

Semanas de Celebracións:

- **23 a 27 de xaneiro (27-Celebración):** Semana da Paz.

Semanas de exames (ESO-BACH):

- **ESO: 9 a 14 de marzo.**
- **1ºBACH: 2 a 7 de marzo.**
- **2ºBACH: 9 a 14 de febreiro.**



		SEMANA	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	RESPONSABLE
3º TRIMESTRE	29	20-mar 20-mar: Día non lectivo solicitado polo noso Centro	Semana Vocacional	Semana Vocacional	Semana Vocacional	Semana Vocacional	Departamento de Pastoral e Titor/a
	30	27-mar	Inmersións e Excursións	Inmersións e Excursións	Inmersións e Excursións	Inmersións e Excursións	-
	31	3-abr	FESTIVO: Semana Santa (3 a 10-abr)	FESTIVO: Semana Santa (3 a 10-abr)	FESTIVO: Semana Santa (3 a 10-abr)	FESTIVO: Semana Santa (3 a 10-abr)	-
	32	10-abr 10-abr: Festivo	Pascua	Pascua	Pascua	Pascua	Departamento de Pastoral e Titor/a
	33	17-abr 17 a 21-abr: Semana do Libro	Sesión DOE 10 CONVIVENCIA-DIVERSIDADE Quen comezou?	Sesión DOE 10 POAP Os meus intereses	Sesión DOE 10 POAP Itinerarios tras rematar 3ºESO	Sesión DOE 10 POAP Itinerarios tras rematar 4ºESO (pte.1)	Titor/a
	34	24-abr	Sesión DOE 11 POAP Reflexionando sobre min e sobre o meu futuro	Sesión DOE 11 POAP Optativas	Sesión libre	Sesión DOE 11 POAP Itinerarios tras rematar 4ºESO (pte.2)	Titor/a
	35	1-mai 1-mai: Día do Traballador 2-mai: Día non lectivo solicitado polo noso Centro	Sesión 1 polo Día das Letras Galegas	Sesión 1 polo Día das Letras Galegas	Sesión 1 polo Día das Letras Galegas	Sesión 1 polo Día das Letras Galegas	Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Titor/a
	36	8-mai 10 a 16-mai: Semana das Letras Galegas	Sesión 2 polo Día das Letras Galegas	Sesión 2 polo Día das Letras Galegas	Sesión 2 polo Día das Letras Galegas	Sesión 2 polo Día das Letras Galegas	Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Titor/a



		12-mai: Graduación 2ºBACH					
37	15-mai 17-mai: Día das Letras Galegas	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Sesión libre (pódese dedicar a organizar a semana de exames)	Titor/a	
38	22-mai 27-mai: Feira Solidaria	Campaña solidaria	Campaña solidaria	Campaña solidaria	Campaña solidaria	Departamento de Acción Social e Titor/a	
39	29-mai 31-mai: Día do Movemento Calasanz	Sesión libre	Sesión libre	Sesión libre	Sesión libre	Titor/a	
40	5-xun	Semana de exames (5 a 9-xuñ)	Semana de exames (5 a 9-xuñ)	Semana de exames (5 a 9-xuñ)	Semana de exames (5 a 9-xuñ)	-	
41	12-xuñ en adiante 21-xuñ: Remate do curso	Sesión DOE 12 PROCESO E-A Cumprín o meu desexo este curso?	Sesión DOE 12 PROCESO E-A Cumprín o meu desexo este curso?	Sesión DOE 11 PROCESO E-A Cumprín o meu desexo este curso?	Sesión DOE 12 PROCESO E-A Cumprín o meu desexo este curso?	Titor/a	

Días Festivos:

- **20 de marzo:** Día non lectivo solicitado polo noso Centro.
- **3 a 10 de abril:** Vacacións de Semana Santa.
- **1 de maio:** Día do Traballador.
- **2 de maio:** Día non lectivo solicitado polo noso Centro.
- **17 de maio:** Día das Letras Galegas.

Semanas de Celebracións:

- **21 a 24 de marzo:** Semana Vocacional.
- **17 a 21 de abril:** Semana do Libro.
- **10 a 16 de maio:** Semana das Letras Galegas.

Semanas de exames (ESO-BAC):



- **ESO:**
 - 3^aava: **5 a 9 de xuño.**
 - Ava final: **19 a 21 de xuño.**
- **1ºBACH:**
 - 3^aava: **25 a 30 de maio.**
 - Ava ordinaria: **7 a 9 de xuño.**
 - Ava extraordinaria: **19 a 21 de xuño.**
- **2ºBACH:**
 - 3^aava: **27 de abril a 3 de maio.**
 - Ava ordinaria: **9 a 12 de maio.**
 - Ava extraordinaria: **19 a 21 de xuño.**



9. Organigrama de actividades incluídas no PAT en cada etapa educativa.

ACTIVIDADES 4º EDUCACIÓN INFANTIL						
DESTINATARIOS	OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
Alumnado	Acoller a cada alumno ao comezo do curso.	Acollida e presentación. E.I: período de adaptación.	Acóllese aos alumnos e explícanse-lles as características do curso. Actividades grupais. Flexibilidade de horario.	Setembro. Sempre que se incorpore ao grupo un/unha alumno/a novo/a.	Titor/a	Realízase a acollida aos alumnos novos e explícanse-lles as características do novo curso.
Alumnado	Coñecer o funcionamento do grupo-clase. Coñecer as normas de convivencia e disciplina da clase e do centro.	Organización, horarios e normas.	Explicase aos alumnos o funcionamento do grupo e as normas de disciplina do centro. Elección de delegado.	Setembro.	Titor/a	Os alumnos coñecen o funcionamento do grupo clase. Os alumnos coñecen as normas de convivencia e disciplina da clase e do centro.
Pais	Informar aos pais das características do curso.	Reunión pais.	Infórmase aos pais das características do curso: mestres, horarios, normas...	Setembro.	Titor/a EDE	Informase aos pais das características do curso.
Alumnado	Reflexionar de forma grupal sobre o lema do curso.	Lema curso	Explicase aos alumnos o lema fixado pola Provincia para este curso.	Setembro.	Titor/a Pastoral	Os alumnos coñecen o lema de Pastoral para este curso.
Alumnado	Coñecer as emocións, identificar os sentimentos que nos producen e definir emociónes.	Conciencia e regulación emocional	"As miñas emocións"	Outubro.	Titor/a DOE	Coñecen as emocións e identifican os sentimentos que nos producen.



Alumnado	Descubrirse e valorarse coma ser único e diferente aos demais.	Autoconfianza e autoestima	“Son único/a”	Outubro.	Titor/a DOE	Valóranse coma seres únicos e diferente aos demais.
Alumnado	Coñecer a figura do noso fundador e a importancia da súa obra.	Calasanz.	Actividades varias.	Novembro.	Titor/a Pastoral	Os alumnos coñecen a figura do noso fundador e da súa obra.
Alumnado	Traballar os diferentes tempos litúrxicos apoiándonos nos carteis que envía a Provincia.	Advento.	Reflexión sobre o tempo litúrxico que estamos a vivir.	Novembro- Decembro.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta primeira avaliación.	Reflexión 1º trimestre.	Asamblea.	Decembro.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
Alumnado	Identificar situacións de inxustiza que sofren as persoas cando se vulneran os seus dereitos. Concienciar e sensibilizar ao alumnado da importancia da igualdade entre persoas e a non discriminación.	Os dereitos humanos.	Unha titoría dunha sesión na que se traballen contidos sobre os Dereitos Humanos.	Decembro.	Titor/a DAS	Identifican situacións de inxustiza. Coñecen a importancia da igualdade e a non discriminación.
Alumnado	Sensibilizar ao alumnado das diferenzas entre as persoas dende un enfoque inclusivo.	Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Sesión na que se traballará sobre o tema da discapacidade.	Decembro.	Titor/a DOE	Amosanse sensibilizados e respectuosos coa diversidade funcional.



Alumnado	Reflexionar individual e colectivamente como colexio sobre os valores de Paz e non violencia. Traballar de forma interdisciplinar todos os valores relativos á Paz dende as diferentes titorías ata o acto grupal.	Paz.	Unha titoría dunha sesión na que se traballen contidos sobre a Paz e a non violencia.	Xaneiro.	Titor/a DAS	Implícanse activa e persoalmente a prol dos valores da Paz e a non violencia.
Alumnado	Desenvolver a actitude de compartir e descubrir os sentimentos que provoca.	Competencia social	“Aprendendo a compartir”	Febreiro.	Titor/a DOE	Descubren os sentimentos que provoca a actitude de compartir.
Alumnado	Coñecer as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.	Coresma.	As relacionadas coa Coresma.	Marzo.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas relacionadas coa Coresma.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta segunda avaliación.	Reflexión 2º trimestre	Asamblea.	Marzo.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
Alumnado.	Coñecer as distintas profesións coa finalidade de ir encamiñando a vocación do alumnado.	Semana Vocacional.	Realízanse actividades relacionadas coa vocación.	Marzo.	Titor/a Pastoral	Coñécense as distintas profesións coa finalidade de ir encamiñando a súa vocación.
Alumnado	Fomentar o pensamento positivo e propiciar o autoconcepción positivo.	Habilidades para a vida	“Penso en positivo”	Abril.	Titor/a DOE	O alumnado comeza a construír un autoconcepción positivo de sí mesmos.



Alumnado.	Coñecer as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.	Pascua.	Actividades relacionadas coa Pascua.	Abril.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.
Alumnado.	Concienciar sobre a prevención da violencia e acoso nas aulas.	Día Internacional contra o acoso escolar.	Actividades para prever o acoso nas aulas.	Maio.	Titor/a EDLG	O alumnado sensibilízase coa problemática do acoso escolar e coñece os mecanismos detéctalo.
Alumnado.	Valorar a lingua galega e todas as súas manifestacións culturais.	Letras Galegas.	Realízanse actividades relacionadas coas Letras Galegas.	Maio.	Titor/a EDLG	Participan nas actividades relacionadas coas Letras Galegas.
Alumnado	Realizar unha actividade en compañía de compañeiros e mestres.	Obradoiro / Saída	Asistencia a un obradoiro ou saída (por determinar)	Por determinar.	Titor/a	Os alumnos disfrutan da actividade proposta.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta terceira avaliación.	Reflexión 3º trimestre	Asamblea.	Xuño.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
Observacións:						



ACTIVIDADES 5º EDUCACIÓN INFANTIL

DESTINATARIOS	OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
Alumnado	Acoller a cada alumno ao comezo do curso.	Acollida e presentación. E.I.: período de adaptación.	Acóllese aos alumnos e explícanse as características do curso. Actividades grupais. Flexibilidade de horario.	Setembro. Sempre que se incorpore ao grupo un/unha alumno/a novo/a.	Titor/a	Realízase a acollida aos alumnos novos e explícanse as características do novo curso.
Alumnado	Coñecer o funcionamento do grupo-clase. Coñecer as normas de convivencia e disciplina da clase e do centro.	Organización, horarios e normas.	Explicase aos alumnos o funcionamento do grupo e as normas de disciplina do centro. Elección de delegado.	Setembro.	Titor/a	Os alumnos coñecen o funcionamento do grupo clase. Os alumnos coñecen as normas de convivencia e disciplina da clase e do centro.
Pais	Informar aos pais das características do curso.	Reunión pais.	Infórmase aos pais das características do curso: mestres, horarios, normas...	Setembro.	Titor/a EDE	Informase aos pais das características do curso.
Alumnado	Reflexionar de forma grupal sobre o lema do curso.	Lema curso	Explicase aos alumnos o lema fixado pola Provincia para este curso.	Setembro.	Titor/a Pastoral	Os alumnos coñecen o lema de Pastoral para este curso.
Alumnado	Iniciar no control da propia conducta e aprender estratexias para momentos de tensión.	Conciencia e regulación emocional	“El cuento de la tortuga”	Outubro.	Titor/a DOE	Coñecen estratexias para momentos de tensión.



Alumnado	Traballar a autoestima a partir do reconecemento e a estima dos que nos rodean.	Autoconfianza e autoestima	“O túnel das emocións”	Outubro.	Titor/a DOE	Os alumnos aprezan a estima dos que lles rodean.
Alumnado	Coñecer a figura do noso fundador e a importancia da súa obra.	Calasanz.	Actividades varias.	Novembro.	Titor/a Pastoral	Os alumnos coñecen a figura do noso fundador e da súa obra.
Alumnado	Traballar os diferentes tempos litúrxicos apoiándonos nos carteis que envía a Provincia.	Advento.	Reflexión sobre o tempo litúrxico que estamos a vivir.	Novembro- Decembro.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta primeira avaliación.	Reflexión 1º trimestre.	Asamblea.	Decembro.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
Alumnado	Identificar situacións de inxustiza que sofren as persoas cando se vulneran os seus dereitos. Concienciar e sensibilizar ao alumnado da importancia da igualdade entre persoas e a non discriminación.	Os dereitos humanos.	Unha titoría dunha sesión na que se traballen contidos sobre os Dereitos Humanos.	Decembro.	Titor/a DAS	Identifican situacións de inxustiza. Coñecen a importancia da igualdade e a non discriminación.
Alumnado	Sensibilizar ao alumnado das diferenzas entre as persoas dende un enfoque inclusivo.	Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Sesión na que se traballará sobre o tema da discapacidade.	Decembro.	Titor/a DOE	Amosanse sensibilizados e respectuosos coa diversidade funcional.



Alumnado	Reflexionar individual e colectivamente como colexio sobre os valores de Paz e non violencia. Traballar de forma interdisciplinar todos os valores relativos á Paz dende as diferentes titorías ata o acto grupal.	Paz.	Unha titoría dunha sesión na que se traballen contidos sobre a Paz e a non violencia.	Xaneiro.	Titor/a DAS	Implícanse activa e persoalmente a prol dos valores da Paz e a non violencia.
Alumnado	Promover a iniciativa de axudarse os uns aos outros e promover a empatía cos demais.	Competencia social	“¡Axuda!”	Febreiro.	Titor/a DOE	Valoran a axuda mutua e a empatía cos compañeiros.
Alumnado	Coñecer as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.	Coresma.	As relacionadas coa Coresma.	Marzo.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas relacionadas coa Coresma.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta segunda avaliación.	Reflexión 2º trimestre	Asamblea.	Marzo.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
Alumnado.	Coñecer as distintas profesións coa finalidade de ir encamiñando a vocación do alumnado.	Semana Vocacional.	Realízanse actividades relacionadas coa vocación.	Marzo.	Titor/a Pastoral	Coñécense as distintas profesións coa finalidade de ir encamiñando a súa vocación.
Alumnado	Fomentar a cooperación no grupo para chegar a solucións conxuntas.	Habilidades para a vida. Cooperación	“Atopa o crebacabezas”.	Abril.	Titor/a DOE	Cooperan en grupo para chegar a solucións conxuntas.



Alumnado.	Coñecer as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.	Pascua.	Actividades relacionadas coa Pascua.	Abril.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.
Alumnado.	Concienciar sobre a prevención da violencia e acoso nas aulas.	Día Internacional contra o acoso escolar.	Actividades para prever o acoso nas aulas.	Maio.	Titor/a EDLG	O alumnado sensibilízase coa problemática do acoso escolar e coñece os mecanismos detéctalo.
Alumnado.	Valorar a lingua galega e todas as súas manifestacións culturais.	Letras Galegas.	Realízanse actividades relacionadas coas Letras Galegas.	Maio.	Titor/a EDLG	Participan nas actividades relacionadas coas Letras Galegas.
Alumnado	Realizar unha actividade en compañía de compañeiros e mestres.	Obradoiro / Saída	Asistencia a un obradoiro ou saída (por determinar)	Por determinar.	Titor/a	Os alumnos disfrutan da actividade proposta.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta terceira avaliación.	Reflexión 3º trimestre	Asamblea.	Xuño.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
Observacións:						



ACTIVIDADES 6º EDUCACIÓN INFANTIL

DESTINATARIOS	OBXECTIVOS	CONTIDOS	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN	RESPONSABLE	CRITERIO DE AVALIACIÓN
Alumnado	Acoller a cada alumno ao comezo do curso.	Acollida e presentación. E.I.: período de adaptación.	Acóllese aos alumnos e explícanse as características do curso. Actividades grupais. Flexibilidade de horario.	Setembro. Sempre que se incorpore ao grupo un/unha alumno/a novo/a.	Titor/a	Realízase a acollida aos alumnos novos e explícanse as características do novo curso.
Alumnado	Coñecer o funcionamento do grupo-clase. Coñecer as normas de convivencia e disciplina da clase e do centro.	Organización, horarios e normas.	Explicase aos alumnos o funcionamento do grupo e as normas de disciplina do centro. Elección de delegado.	Setembro.	Titor/a	Os alumnos coñecen o funcionamento do grupo clase. Os alumnos coñecen as normas de convivencia e disciplina da clase e do centro.
Pais	Informar aos pais das características do curso.	Reunión pais.	Infórmase aos pais das características do curso: mestres, horarios, normas...	Setembro.	Titor/a EDE	Informase aos pais das características do curso.
Alumnado	Reflexionar de forma grupal sobre o lema do curso.	Lema curso	Explicase aos alumnos o lema fixado pola Provincia para este curso.	Setembro.	Titor/a Pastoral	Os alumnos coñecen o lema de Pastoral para este curso.
Alumnado	Aprender a relaxarnos e reducir o estrés.	Conciencia e regulación emocional	“Respiro e me relaxo”	Outubro.	Titor/a DOE	Coñecen unha técnica para relaxarse e reducir o estrés.



Alumnado	Destacar as cualidades positivas e compartilas cos compañeiros.	Autoconfianza e autoestima	“A madeixa”	Outubro.	Titor/a DOE	Destacan cualidades dos seus compañeiros e as comparten coa clase.
Alumnado	Coñecer a figura do noso fundador e a importancia da súa obra.	Calasanz.	Actividades varias.	Novembro.	Titor/a Pastoral	Os alumnos coñecen a figura do noso fundador e da súa obra.
Alumnado	Traballar os diferentes tempos litúrxicos apoiándonos nos carteis que envía a Provincia.	Advento.	Reflexión sobre o tempo litúrxico que estamos a vivir.	Novembro- Decembro.	Titor/a Pastoral	Coñecen as tradicións relixiosas cristiás e as súas celebracións.
Alumnado	Lembrar e analizar o realizado nesta primeira avaliación.	Reflexión 1º trimestre.	Asamblea.	Decembro.	Titor/a	Os alumnos comparten como se sentiron, o que se traballou, como poden mellorar...
